

XXX

Reclamante: XXX  
Expediente. Nº **RSCTG 171/2023**

## **ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista a reclamación presentada por XXX, mediante escrito do 24 de maio de 2023, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 31 de xullo de 2023, adopta a seguinte resolución:

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.** XXX presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 24 de maio de 2023, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a comunicación da Dirección de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde de data 3 de maio de 2023, pola que se denega a súa solicitude de data 1 de maio de 2023, de acceso ao prego de condicións administrativas do servizo de alimentación ao paciente do hospital público Álvaro Cunqueiro.

XXX indicaba que solicitou acceso ao prego de condicións administrativas do servizo de alimentación ao paciente do hospital público Álvaro Cunqueiro para saber se ao persoal de cociña esíxeselles a mesma titulación que ao persoal do SERGAS para exercer o mesmo posto, se lle derivou á sociedade concesionaria da cal non obtivo resposta.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e do seu DNI.

**Segundo.** Con data do 29 de maio de 2023 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Sanidade para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 31 de maio de 2023

**Terceiro.** Con data do 14 de xuño de 2023 a Consellería de Sanidade contesta a petición remitindo o informe da Dirección Xeral de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que no contrato de concesión de obra pública do Novo Hospital de Vigo para a redacción do proxecto técnico, financiamento, construción e explotación de determinados servizos non clínicos do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo (expediente XXX), asinado o 21 de febreiro de 2011, adxudicouse a Novo Hospital de Vigo Sociedade Concesionaria (SCNHV).

Segundo establece o prego de condicións Administrativas Particulares que rexe o contrato, o concesionario poderá subcontratar total o parcialmente a execución dos servizos correspondentes á fase de explotación, sendo a correcta xestión dos subcontratos, responsabilidade exclusiva do concesionario.

A SCNHV optou pola subcontratación para a prestación do servizo de alimentación ao doente, do que de acordo cos pregos, debe informar a Administración, con carácter previo e por escrito, de cada subcontrato que pretenda celebrar, con indicación da parte do contrato que deberá realizar o subcontratista e a identidade do subcontratista, xustificando suficientemente a aptitude deste para a execución da prestación de que se trate por referencia aos elementos técnicos e humanos de que dispón e á súa experiencia.

A SCNHV comunicou en tempo e forma ao Órgano de Contratación, a identidade da empresa subcontratada para a prestación do servizo.

De acordo coas obrigas xerais comúns na prestación dos servizos non clínicos e explotacións comerciais por parte do concesionario do Prego Técnico que rexe o contrato, o concesionario debe comunicar á Administración a estrutura organizativa para a xestión dos diferentes servizos non clínicos que debe prestar durante a vixencia do contrato, mantendo a información permanentemente actualizada e comunicando calquera cambio na estrutura proposta, detallando a responsabilidade e funcións do persoal proposto, e debe dimensionar o persoal necesario, en termos de persoal equivalente, para asegurar a correcta prestación continuada dos servizos incluídos no obxecto do contrato de acordo ás especificacións técnicas establecidas no prego. O persoal deberá dispoñer da titulación necesaria para desempeñar o seu posto de traballo en óptimas condicións e o concesionario deberá presentar as titulacións de todos os empregados dos servizos incluídos no obxecto do contrato, alén de indicar a experiencia relevante adquirida polos seu persoal empregado na súa traxectoria profesional, así como deberá presentar un Plan de Formación Continuada para o persoal que dependa del.

Co informe achegase un extracto da información dispoñible referida a estes apartados e o Convenio colectivo vixente.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

#### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que segundo consta no expediente remitido, ao interesado notificóuselle a resolución con data do 4 de maio de 2023 e a reclamación tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo con data do 24 de maio de 2023 polo que debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

## Quinto.- Análise do expediente

XXX solicitou do Servizo Galego de Saúde acceso ao prego de condicións administrativas do servizo de alimentación ao paciente dun hospital público sen obter mais resposta pola Administración que a derivación á empresa concesionaria do dito Hospital público Álvaro Cunqueiro.

No informe remitido pola Administración faise constar que o concesionario da obra pública do Hospital, pode subcontratar total o parcialmente a execución dos servizos correspondentes á fase de explotación, como sucedeu no presente caso co servizo de alimentación ao doente, e sobre o que o concesionario ten obriga de informar a Administración da parte do contrato que deberá realizar o subcontratista, a súa identidade, a aptitude deste para a execución da prestación con referencia aos elementos técnicos e humanos de que dispón e á súa experiencia, titulacións de todos os empregados, a súa experiencia e presentar un Plan de Formación Continuada, mantendo a información permanentemente actualizada.

Co informe achegase un extracto da información dispoñible referida a estes apartados e o Convenio colectivo vixente. Debe entenderse que o documento que regula as condicións dos servizos de alimentación dos doentes dun hospital público, é información pública, neste caso adquirida pola Administración sanitaria para a prestación do servizo de hospital, sen que o feito de que a información a teña redactada a empresa concesionaria en cumprimento das obrigas derivadas do contrato de concesión, exima ao Servizo Galego de Saúde de proporcionar a dita información.

De conformidade co disposto no artigo 4 da Lei 1/2016 e Lei 19/2013, todas as persoas físicas ou xurídicas adxudicatarias de contratos en virtude dos cales presten servizos públicos, están obrigadas a lle subministrar á Administración ou ao organismo a que se encontren vinculadas, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas en materia de acceso á información.

Establece a Lei que para garantir o cumprimento desta obriga, a documentación contractual que instrumenten a prestación dos servizos públicos, debe recoller expresamente esta obriga de subministración de información e as consecuencias do seu incumprimento.

De acordo co anterior, procede a estimación da reclamación presentada, debendo o Servizo Galego de Saúde ditar resolución expresa sobre a solicitude presentada, concedendo o acceso á información, xa que non consta a existencia de límites na información solicitada, agás a que poida corresponder a información sobre datos de carácter persoal, que en todo caso pode ser anonimizada, nin consta que concorra causa de inadmisión algunha.

Deben lembrarse ao SERGAS que de acordo co disposto no artigo 20.6 da Lei 19/2013, o incumprimento reiterado da obrigaón de resolver en prazo ten a consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

### **ACORDA**

**Primeiro:** Estimar a reclamación presentada por XXX con data do 24 de maio de 2023, contra a comunicación da Dirección de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde de data 3 de maio de 2023, pola que se denega a súa solicitude de data 1 de maio de 2023, de acceso ao prego de condicións administrativas do servizo de alimentación ao paciente do hospital público Álvaro Cunqueiro.

**Segundo:** Instar a Consellería de Sanidade a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, responda ao interesado á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

**Terceiro:** Instar a Consellería de Sanidade a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela.

PS (art.8 Lei 6/1984)

María Xosé Porteiro García

**Adxunta á Valedora do Pobo**